

COTA ANUAL DE MATRÍCULA

- ▶ Por persoa, 50 €
- ▶ Para matrimonios, 35 € cada un.

Isto da dereito a:

- ▶ Carné das Aulas cos seus beneficios inherentes.
- ▶ Asistencia a actos culturais e académicos.
- ▶ Asistencia a charlas e conferencias.
- ▶ Asistencia a encontros e congresos.
- ▶ Visitas a museos e excursións culturais.
- ▶ Descontos especiais para cursos monográficos de duración limitada.
- ▶ Cursos gratis ofertados ás Aulas por outras Institucións coas que as Aulas teñan asinados contratos bilaterais.
- ▶ Beneficiarse dos convenios que a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos asine con outras entidades.
- ▶ Recibir as follas informativas publicadas polas Aulas.
- ▶ Outras actividades máis.

COTA ANUAL POR CADA ACTIVIDADE

- ▶ 1ª actividade: 26 €
- ▶ 2ª actividade: 16 €
- ▶ A partir da 3ª actividade, 11 € por cada unha.

NOTA:

As Aulas dos concellos de Monterroso, Vilalba e Padrón teñen cotas especiais que hai que consultar en cada sede.



SEDE CENTRAL E AULAS DE SANTIAGO

Rúa Virxe da Cerca, 31
15703 Santiago de Compostela
Tel./FAX: 981 581533
www.ategal.com • coordinacion@ategal.com

AULAS DE A CORUÑA

Rúa Fonseca, 8
15004 A Coruña
Tel: 981 216863

AULAS DE FERROL

Rúa Galiano, 52, 1º esq.
15402 Ferrol
Tel: 981 356202

AULAS DE VIGO

Rúa Urzaiz, 120, 1º
36205 Vigo
Tel: 986 481600

AULAS DE MONTERROSO

Praza de Galicia, s/n
27560 Monterroso - Lugo
Tel: 982 377522

AULAS DE LUGO

Rúa Frai Plácido
Rei Lemos, s/n, 2º
27004 Lugo
Tel: 982 254677

AULAS DE VILALBA

Praza da Constitución, s/n
27800 Vilalba - Lugo
Tel: 982 510305

AULAS DE OURENSE

Rúa Progreso, 66, entr.
32003 Ourense
Tel: 988 215077

AULAS DE PADRÓN

Campo do Souto, s/n
15900 Padrón - A Coruña
Tel: 981 811329



ATEGAL

Revista da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos

–TABOLEIRO DE NOVAS–

Entidade colaboradora da Xunta de Galicia

Núm.: 03 - novembro 2006

COMEZA O NOVO CURSO 2006-2007

Comezamos o novo curso coa mesma de sempre. Este ano sen dúbida ímonos atopar no conxunto das Aulas de Galicia con máis novidades que outras veces. Estamos a poñer en prácticas algunhas cousas distintas. Unhas as poderedes ler neste mesmo número de **ATEGAL** e outras as iremos vendo desenvolver ao longo do curso: novas actividades, distintos formatos en outras ofertas, pequenas reformas materiais, novos proxectos... Todo iso é proba da enorme ilusión con que os nosos coordinadores e profesores traballan nas Aulas e do entusiasmo co que vos, os alumnos, colaborades con nós.



RAFAEL ROMERO VALENCIA S.J

Así, estamos sendo fieis a nosa "filosofía". Cremos no noso desenvolvemento persoal, queremos mellorar a nosa cultura, a nosa formación humanística, os nosos contactos sociais; e queremos compartilos cos demais. Sabemos que melloramos as nosas vidas co contacto diario cos nosos amigos nas aulas. Queremos estar alerta e activos. E en grande parte o estamos a conseguir.

Queremos mellorar a nosa cultura, a nosa formación humanística, os nosos contactos sociais; e queremos compartilos cos demais...

Por outro lado tamén sabemos que, como dicían os clásicos, non o omnes possumus omnia ("non todos o podemos todo"). Pero si podemos moito. Por iso vos quero animar a comezar este novo curso 2006 /2007 con novos bríos. Quero agradecer a todos (alumnos, profesores, coordinadores) a vosa impagable colaboración e darvos a todos a benvida ao curso que comezamos.

RAFAEL ROMERO VALENCIA S.J
PRESIDENTE

PRESENTACIÓN DO TRIVIGAL

ATEGAL está a realizar no 2006 **O TRIVIGAL "SABICHÓN"**, coa colaboración da **Fundació Viure i Conviure de Caixa Catalunya**, unha adaptación do famoso xogo Trivial para os maiores, feito por alumnos da propia Asociación. Este xogo é un proxecto i nterxeracional que as Aulas de Terceira Idade de Galicia poñen en marcha en colaboración co Colexio Maior Universitario Santo Agostiño e o colexio de secundaria San Francisco Javier. en Santiago de Compostela, entre outros.

Agora presentamos a versión on-line, accesible pola internet, outra ferramenta que utilizamos para achegar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) aos nosos alumnos.

Para máis información www.ategal.com

Trivigal
SABICHÓN

Fundació Viure i Conviure
CAIXA CATALUNYA



NOVAS

AULAS DE LUGO

As clases formais comezaron o pasado 16 de outubro despois das festas do San Froilán, aínda que o grupo de teatro representou o pasado 28 de setembro de 2006 as obras "O complexo" e "Téñote coma unha señora" para os maiores da residencia Mapfre Quavitae. Este acto repetirase o 27 de outubro no centro Socio Cultural de Esperante.

A novidade salientable en actividades para o curso 2006/07 é o seminario "Dinámica da risa".

Proximamente celebraremos unha merenda de confraternidade con motivo da inauguración do curso académico.


AULAS DE VIGO

As Aula da Terceira Idade de Vigo presenta novidades neste curso 2006-2007. A máis evidente é que contamos cunha nova coordinadora, Macarena Alonso Comesaña, que toma o relevo a M^a Carmen Rodríguez Camarero que durante estes últimos anos desempeñou un gran labor facendo da Aula de Vigo unha das máis activas e con maior número de matriculados.

En canto ao programa previsto dicir que, ademais da participación en concursos, festivais, a realización de viaxes e excursións, e as clases habituais no noso centro, ofertaranse outro tipo de actividades breves a modo de seminarios e obradoiros, para os que contamos coa vosa participación. Xa está en marcha o Taller de Risoterapia e temos previsto para máis adiante un seminario de Informática, outro de Cultura Xeral, de Historia da Fotografía e de Literatura Inglesa. Firmouse un convenio coa Xunta para que alumnos de cursos de formación colaboren coas Aulas de Vigo realizando as súas prácticas no noso local. A Aula de Vigo ten inquedanzas e gañas de



facen cousas novas, só queda a vosa participación e o entusiasmo que caracteriza aos membros das Aulas da Terceira Idade de Galicia. Grazas e bo curso 2006-2007.



AULAS DE FERROL

Este ano as Aulas de Ferrol comezaron o curso o día 2 de outubro, cunha serie de actividades de carácter innovador como:

- **Taichi.** Que ten lugar martes e xoves de 10:00 a 11:00 horas e de 11:00 a 12:00.
- **Literatura.** Que o curso anterior tiña carácter quincenal e agora impártese os mércores de 19:00 a 20:00 horas e os venres de 19:30 ca 20:30 horas.
- **Coro.** Que se poñerá en marcha o vindeiro mes.
- **Informática** que se vai desenvolver en dous cursos: de outubro a decembro e de xaneiro a maio, para iniciar aos alumnos nos coñecementos necesarios para navegar pola rede.

Outro feito a ter en conta é que seguimos pertencendo ao Patronato de Artes Escénicas do concello de Ferrol, o que nos posibilita contar coa actuación de grupos de Teatro e Corais de Ferrol e Comarca. A primeira das actuacións terá lugar o 17 de novembro no Torrente Ballester con motivo da inauguración do Curso 2006/2007 das Aulas de Ferrol, onde contaremos coa presenza das autoridades municipais, o Director das Aulas de Galicia Rvdo. P. Rafael Romero e o grupo teatral Ad Livitum coa obra "A miña muller e o fontaneiro".

AULAS DE PADRÓN

É o primeiro ano que as Aulas da Terceira Idade de Padrón ofertan taichí pero xa teñen 25 alumnos e ó

éxito e a continuidade están aseguradas.

O obradoiro de traballos manuais ten 28 alumnos; ximnasia de mantemento 40; rehabilitación 35 e francés 12. Hai que salientar que o curso de informática conta con 26 alumnos, un grupo máis que en anos anteriores.

A outra novidade é o obradoiro de memoria que imparten los voluntarios de la RedeVol.

AULAS DE SANTIAGO

As Aulas de Santiago comezamos as clases o día 2 de Outubro coa incorporación ao programa de catro novas actividades:

- **Danzaterapia** que consiste en exercicios que mesturan o movemento e a música favorecendo a integración psicofísica dos alumnos.
- **Historia de Galicia** onde se repasan os feitos máis sinalados da nosa historia.
- **Pilates** que é un método de acondicionamento físico que axuda a mellorar o control corporal e a fluidez baseándose na respiración e a relaxación activa.
- **Habilidades Sociais** impartida por catro novos alumnos de prácticas nun convenio coa Xunta de Galicia que desenvolven a súa labor de formación no noso local.

VISITA ÁS CUBERTAS DA CATEDRAL



Aparte destas novidades tamén cabe destacar o éxito, un ano máis, das clases de internet e informática.

Xa comezaron as saídas culturais visitando o pasado martes 24 as cubertas da catedral de Santiago de Compostela dentro do programa do Concello "Vive Compostela".

O día 6 de Novembro presentamos unha nova edición do Trivigal SABICHÓN, o "Trivigal on-line".

AULAS VILALBA

En Vilalba as clases comezan no mes de novembro, e como novidades para

este ano introduciuse rehabilitación, musicoretapia, bailes de salón e un obradoiro de restauración.

Dentro das actividades interxeracionais porase en marcha un obradoiro de contacontos a cargo dos voluntarios, e a coordinadora das Aulas, Eva González achega aos alumnos o proxecto TRIVIGAL, en sesións dunha hora de duración.

O 27 de outubro visitamos Expourense co gallo da feira Termatalia.

AULAS DE MONTERROSO

A oferta de formación para este curso non varía, tendo como seminarios os seguintes: pintura, manualidades, obradoiro de memoria, historia da arte, ximnasia de mantemento e teatro.

Dentro do programa de conferencias e obradoiros que se van a realizar este curso, versarán sobre o tema da reciclaxe, recollida selectiva de lixo e economía doméstica e municipal.

Realizaranse varias excursións, aínda por programar, e estarán asistidas polo profesor de Historia da arte.

AULAS DE A CORUÑA

Este ano hai moitas novidades nas Aulas de Coruña, novo coordinador, David, novos monitores, reforma nas aulas de ioga, e novas actividades como taichí e informática.

As Aulas aumentan o número de alumnos e as actividades novidosas xa teñen lista de agarda. Este ano recuperamos o acto de inauguración que contará coa presenza de D^a Teresa Novo, Delegada Provincial da Vicepresidencia na Coruña.

Confiamos que o ánimo que hai nas Aulas neste comezo de curso sexa duradeiro.

AULAS DE OURENSE

As Aulas de Ourense foron as primeiras en celebrar o acto de inauguración, que tivo lugar o pasado martes 24 de outubro, con asistencia dun elevado número de alumnos.

Este ano temos un novo profesor de coro, Enrique, unha profesora de debuxo, Isabel, e ademais hai un obradoiro de autoestima e habilidades sociais, a cargo de Miguel Guerra, que conta cun grande éxito.

O vindeiro 14 de novembro, como ven sendo habitual, celebraremos a festa do Magosto, e aproveitamos a ocasión para invitarvos a compartir con nós unha xornada sempre entrañable.